

“Quero crer que non existe un manual establecido de como sermos galegos”



A óptica "dos que viron extinguir o seu fogar e humillar a súa identidade". A perspectiva dos expulsados ás marxes. É a adoptada por Gonzalo Hermo en 'Crac', o poemario co que gañou o premio Xuventude Crea -co bipartito GZCrea-. O libro parte dun só texto, 'Escola do resentimento'. "Por iso o meu poema é só un acto de vinganza", di. O autor presentou hai pouco en Compostela esta obra, editada por Barbantesa.

O libro parte do primeiro poema. Que fala da poesía como acto de vinganza. Do resentimento dos que "fomos castrados". Cal é o motivo dese resentimento? Cales son as violencias contra as que se rebela?

Poderíamos falar de violencias en plural pero son, ao cabo, distintas pólas dunha mesma realidade: a violencia exercida polos elementos que ostentan a hexemonía simbólica contra aqueles que non a posúen. A dinámica centro/periferia existe, e non só no plano xeográfico ou xeocultural (binomios do tipo occidental/oriental, etc.), senón tamén en experiencias coma o xénero, a raza ou a opción sexual. Tal e como eu o vexo, 'Crac' representa un intento de colocarse, en sentido amplo, no lado feble da balanza. Nun espazo onde circulen distintos procesos identitarios vertebrados en torno á idea de subalteridade. Non son tan pretensioso

como para pensar que o libro vaia cambiar as cousas, pero gústame escribir como se esa posibilidade fose real. Cando menos non ser cómplice dunha orde de cousas ilexítima e perversa.

Desde o principio hai referencias múltiples á literatura: Astarté, Ganga.... Ao final recoñécese debedor de Jelinek, Duras, Celan e Müller. Está en parte concibido o libro como un diálogo con todos eses outros autores e autoras?

Máis ca de diálogo, eu falaría da escolla dunha posición. O libro elixe reivindicar unha tradición que lle resulta cómoda, aquela que mellor se lle axusta.. O meu “canon occidental” non é o de Harold Bloom; é aquel onde Jelinek ou Müller teñen un papel sobranceiro. Por outra banda, os catro autores practican un tipo de discurso deliberadamente violento e excesivo que a min me interesaba cando escribía 'Crac' porque ese era o ton que eu quería para o libro. Unha poesía dun só acto, rotunda e radical, coma unha labazada.

Hai nos poemas cambios no xénero. É doado relacionalo coa túa concepción da literatura galega como queer, e a túa reivindicación do queer como xeito de transcender o binomio de xénero masculino/feminino. É ese o sentido dese xogo?

Cando a Kurt Cobain lle preguntaban por que ás veces vestía de muller nos seus concertos, el adoitaba responder que o facía porque dese xeito demostraba que podía ser tan feminino como quixese. Esa é a idea. Desnaturalizar o xénero. Poñer en evidencia a non correspondencia entre o sexo (biolóxico) e o rol social adscrito a ese sexo. Haberá quen me acuse de frivolidade pero, particularmente, acredito en que este tipo de estratexias son útiles para a causa do feminismo porque contribúen a mudar o imaxinario social que relega as mulleres ás marxes. Travestismo poético. Por que non? Tampouco estou a descubrir nada novo. Das cantigas de amigo a 'Sucios e desexados', o discurso literario galego ten transitado esas augas

Tamén é claro o fondo social: a explotación laboral está, por exemplo, moi presente. "A clase desclasada/ colabora". Ou o Norte/ Sur. Ou ese "A esquerda morreu. Viva a esquerda!". Cales, neste sentido, as preocupacións político-sociais túas máis inmediatas que te levaron ao poemario?

Escribín o libro moi condicionado por tentativas de revisionismo histórico emerxentes na altura. De súpeto Franco xa non era un ditador fascista, senón un patriota que salvara España da

sovietización e do caos. O discurso oficial do réxime regresaba naquel momento da man de xente coma Pío Moa e iso tivo un impacto moi directo no proceso de escrita de 'Crac', que é, en moitos sentidos, unha homenaxe aos derrotados na guerra. Lembro que, daquela, tamén andaba moi pendente dos movementos políticos en América Latina, que para min supuñan (e supoñen) o xermolo desde o que construír a esquerda do século XXI. En Europa e no mundo.

Non creo que sexa casualidade que fales no mesmo poemario de nazismo e de franquismo. Do Gulag, de Auswitch, de Stonewall ou de Hiroshima. Lugares do conflito, da violencia extrema. Tamén de loita: Stonewall. É unha mesma reflexión sobre o abuso de poder?

Auswitch representa o escenario onde o odio á subalteridade é levado ata as súas últimas consecuencias: a solución final, o exterminio total da diferenza. Pero Auswitch podería chamarse tamén Palestina, San Simón, Iraque. Son espazos onde iso que Paco Sampedro denominou “violencia excedente” se manifesta dun xeito tan incuestionable que nos obriga a reformularnos as ideas de límite, xustiza ou humanidade. Un golpe duro de máis como para ser asimilado sen esganarse.

O libro ten tamén moito de reflexión sobre o desexo. Da dama mordida polo can aos poemas que lle siguen ou a imaxes como as de 'Indochina mon amour', a mesma Erika Kohut (A Pianista)... Reivindicas o desexo libre, non sometido ás normas. É así?

Non creo que exista un desexo que estea “máis alá” do social, unha sorte de pulsión primaria que se poida canalizar sorteando os fluxos de poder que nos estruturan como suxeitos desexantes. Eses fluxos de poder existen e coido que sería inxenuo pensar que as relacións non heterónomas son de seu máis “libres” ca outras. Cousa ben distinta é denunciar a homofobia, que por desgraza continúa ben enraizada na nosa sociedade e contra a cal a política ha de ser de tolerancia cero.

De igual xeito que o libro debe moito a moitas obras literarias, tamén está zarrapicado de cinema e música: o Boss, o punk, o garage.... Ata que punto é debedor de todas esas influencias?

O libro tenta armar unha especie de colaxe cultural con materiais de moi diverso tipo, entre eles os tirados da música e o cinema, pero coido que os fundamentais son os literarios. É curioso,

porque se fixese un rexistro do tempo que lle dedico a unha e outra cousa, cinema e música gañaríanlle en moito á literatura. Gústame ler. E leo moito. Pero interésome tamén por outras realidades. Supoño que coma todo o mundo.

A patria, a nación, son tamén citadas e problematizadas (as armas que se volven contra un...). En que sentido?

Repéleme esa idea de “nación obxectiva” que asoma en certos estratos do nacionalismo galego. Recoñezo que en Galicia sobran elementos para pronunciármonos nese sentido pero máis ca insistir nas especificidades, eu prefiro falar de vontades colectivas. Non somos un país soamente por posuírmos unha lingua e cultura de noso, senón sobre todo porque temos vontade de selo. Quero crer que non existe un manual establecido de como sermos galegos. Do que se trata é de construílo.

A memoria da "tribo" (imaxe varias veces repetida), é tamén reivindicada. "Hiroshima tamén eu", dis. Canto ten o poemario de reivindicación desa memoria?

O libro está cosido con retallos de memoria e esa memoria é sobre todo colectiva. Continuamos sendo seres esencialmente comunitarios e coido que os anos que nos queden de hexemonía liberal non conseguirán convencerme do contrario.

Foto: David González del Riego